



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Relixión, cultura e valores		Código	652G02043
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma				
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas			
Coordinación	López Calvo, Jesús Andrés	Correo electrónico	a.lopez.calvo@udc.es	
Profesorado	López Calvo, Jesús Andrés	Correo electrónico	a.lopez.calvo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A asignatura de RELIXION, CULTURA E VALORES ofrécese como optativa a todos os alumnos dos Graos de Infantil e Primaria, e como parte da formación necesaria para a habilitación de profesor de Relixión Católica en Infantil e Primaria. Esta formación deberá completarse nos Centros de Estudos Superiores da Igrexa. As competencias a que se aspira con esta formación son: o coñecemento das relixións e do cristianismo en particular, os criterios para comprender os conflitos e problemas interculturais e interrelixiosos e o achegamento académico ás orixes do cristianismo e á relixiosidade popular galega.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A36	Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia. Coñecemento das relixións e a súa interacción na sociedade actual.	A23	B6	C4
	A36	B18	C7
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	A15	B18 B19	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Estudo do feito relixioso nas súas dimensións histórica e antropolóxica.	1.1 As ciencias da relixión 1.2 A estrutura e expresións do feito relixioso
2. Estudo dos grandes sistemas relixiosos máis presentes na poboación mundial actual.	2.1 As grandes relixións do Oriente: Hinduísmo, Budhismo 2.2 As relixións do Libro: Xudaísmo, Cristianismo, Islam



3. Iniciación ao coñecemento da Biblia, en especial o Novo Testamento.	3.1 Estudo histórico-crítico dos evanxeos canónicos.
4. O feito relixioso cristián, a súa singularidade específica, e os valores cívicos, éticos e culturais que conleva.	4.1 Achegamento ao Xesús histórico. As fontes e balance. 4.2 A relixiosidade popular galega
5. Relixións e sociedade.	5.1 A secularización do occidente cristián. 5.2 O renacer do feito relixioso. Novos movementos relixiosos e sectas.
6. O encontro entre as relixións; diálogo interrelixioso e ecumenismo. As relixións e a paz.	6.1 O Ensino relixioso escolar. Problemática, lexislación, características

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	10	0	10
Proba mixta	2	20	22
Sesión maxistral	20	40	60
Traballos tutelados	2	8	10
Atención personalizada	12	0	12
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Comentarios de texto de actualidade que suscitan debate e permiten esclarecer os núcleos básicos dos temas en cuestión
Proba mixta	Proba final de avaliación, distribuída en dúas partes: unha proba obxectiva e un cuestionario de ítems que o alumno ten que desenvolver.
Sesión maxistral	Sesións ordinarias de clase, nas que se expoñen os contidos principais do temario.
Traballos tutelados	Recensión de libros e/ou sinxelos traballos de investigación sobre algún dos temas do curso

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Traballos tutelados	Moitas das cuestións relixiosas están hoxe na actualidade e nos medios de comunicación. Cómpre establecer a relación entre os acontecementos e o estudo teórico das súas orixes e evolución. A discusión dirixida implica a participación do alumno e o intercambio de perspectivas e opinións. Os cuestionarios e comentarios de clase son debatidos e compartidos polos alumnos presentes. Os traballos tutelados responderán aos intereses do alumno e serán acordados co profesor e terán un seguimento con el por medio de entrevistas persoais. Son un factor de personalización dos temas do curso. A proba mixta será o exame final, clave da avaliación, deberá ser preparada persoalmente por cada un dos alumnos.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	Consistirá nunha proba obxectiva e ademais un cuestionario con varios ítems sobre os que alumno demostrará a adquisición de coñecementos sobre os contidos da asignatura As dúas partes da proba mixta servirán para facer a nota media final	80



Traballos tutelados	Os traballos tutelados non serán obrigatorios, responderán aos intereses do alumno e serán acordados co profesor , que fará o seguimento do mesmo por medio de entrevistas persoais e on line. Son un factor de personalización dos temas do curso e representan un vinte por cento da avaliación final.	20
---------------------	--	----

Observacións avaliación

Para os alumnos que non fagan traballo tutelado as dúas partes da proba mixta sumarán o cen por cen da avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asignatura de RELIXIÓN, CULTURA E VALORES require do alumno, non unha explícita simpatía pola fe católica, pero si unha certa familiaridade coa mesma: manexo da Biblia, coñecementos básicos de Relixión Católica adquiridos en Secundaria e Bacharelato, ou na catequese ou grupos parroquiais. Sen esta disposición e competencias previas non será imposible, pero si moi difícil adquirir os coñecementos e contidos do programa da asignatura.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías